



SI

**A Sociedade da Información e os
autónomos de Galicia. Ano 2012**

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Colabora: Federación de Autónomos de Galicia (FEAGA)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2012

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

Índice

1. Introducción	4
2. Metodoloxía	6
3. Caracterización dos autónomos galegos	9
4. Equipamento e uso das TIC na actividade dos autónomos	13
5. Análise sectorial	44
6. Conclusións	100

1. INTRODUCCIÓN



Este informe presenta os principais resultados da enquisa realizada entre os traballadores/as autónomos galegos sobre o grao de equipamento e uso das TIC. Este estudo foi elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Este proxecto forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia e contou coa colaboración da Federación de Autónomos de Galicia (FEAGA).

É o primeiro estudo específico no ámbito das TIC que se realiza entre os autónomos galegos e que conta con máis de 500 enquisas realizadas neste colectivo.

O obxectivo principal da investigación é obter información e elementos de diagnóstico, que permitan determinar a situación dos indicadores que dan conta da situación da Sociedade da Información entre os traballadores autónomos da nosa Comunidade.

Este informe ofrece os principais resultados da “Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia” referidos especificamente ao colectivo dos autónomos ou persoas físicas que exercen a súa actividade en Galicia.

O estudo comeza cunha caracterización dos autónomos galegos e, a continuación, analízase o equipamento e uso das TIC entre o colectivo, para rematar a exposición cunha análise sectorial que permite dar conta da penetración das novas tecnoloxías segundo a actividade do traballador.

2. METODOLOGÍA



O informe foi elaborado a partir da enquisa realizada a 510 autónomos galegos.

Os autónomos entrevistados foron clasificados, segundo a actividade que desenvolven, en 14 sectores a efectos de distribución da mostra:

1. Industria:

1.1. Alimentación, bebidas, tabaco, textil, pezas de vestir, coiro e calzado, madeira e cortiza, papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados (CNAE 10-18)

1.2 Coquería e refino de petróleo, produtos farmacéuticos, caucho e plásticos, produtos minerais non metálicos (CNAE 19-23)

1.3 Metalurxia fabricación de produtos metálicos (CNAE 24-25)

1.4. Produtos informáticos, electrónicos e ópticos, material e equipo eléctrico, maquinaria e equipo, vehículos a motor, material de transporte, mobles e outras industrias manufactureiras, reparación de maquinaria e equipo (CNAE 26-33)

1.5. Enerxía e agua (CNAE 35-39)

2. Construción (CNAE 41-43)

3. Servizos:

3.1. Venda e reparación de vehículos de motor, comercio polo xunto e polo miúdo (CNAE 45-47)

3.2. Transporte e almacenamento (CNAE 49-53)

3.3. Servizos de aloxamento (CNAE 55)

3.4. Información e comunicacións (CNAE 58-63)

3.5. Actividades inmobiliarias (CNAE 68)

3.6. Actividades profesionais, científicas e técnicas (agás as veterinarias) (CNAE 69-74)

3.7. Actividades administrativas e servizos auxiliares (incluídas axencias de viaxes) (CNAE 77-82)

4. Sector TIC (CNAE 261-264, 268, 465, 582, 61, 6201, 6202, 6203, 6209, 631, 951)

Na análise sectorial que se reflicte no capítulo 5, amósanse os resultados para os sectores con representatividade estatística, agrupados conforme á seguinte descrición:

- Industria (CNAE 10-33 e 35-39)
- Construción (CNAEs 41-43)
- Automoción e comercio (CNAE 45-47)
- Transporte e almacenamento (CNAE 49-53).
- Actividades profesionais, científicas e técnicas (CNAE 69-74).
- Actividades administrativas e servizos auxiliares (CNAE 77-82)

A enquisa aos autónomos galegos realizouse atendendo aos seguintes criterios metodolóxicos:

FICHA TÉCNICA DA ENQUISA


- **Ámbito:** Galicia.
- **Universo:** persoas físicas con actividade en Galicia, dedicadas a actividades CNAE agrupadas en 14 grupos clasificatorios.
- **Tipo de enquisa:** Entrevista autoadministrada apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura.
- **Tamaño da mostra:** 510 entrevistas totais.
- **Afixación:** estratificada proporcional segundo volume de emprego e actividade do traballador autónomo.
- **Erro mostral:** Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0,5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro para a mostra total é de $\pm 4,41\%$.
- **Período de referencia:** o ano 2012 para as variables de fluxo e para as variable de fondo ano 2011.
- **Traballo de campo:** do 30 de marzo ao 17 de xuño de 2012.

3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS GALEGOS



Atendendo ás directrices do Ministerio de Empleo y Seguridad Social, “autónomos son traballadores afiliados a algún dos rexímenes por conta propia da Seguridad Social, e que non están integrados en sociedades mercantis, cooperativas ou outras entidades societarias”

A 30 de setembro de 2012, segundo os datos de afiliación da Seguridad Social, existían en Galicia un total de 145.245 autónomos, distribuídos desigualmente entre as catro provincias galegas.



Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 30 de setembro de 2012.*


O perfil do traballador autónomo galego é o de un varón, entre 40 e 54 anos, e con máis de cinco anos ao fronte do seu negocio.



Representan o 7,6% do total de 1.922.263 traballadores autónomos españois.

Resalta entre os autónomos galegos a elevada presenza de mulleres entre o colectivo, superando en dez puntos porcentuais á proporción de mulleres autónomas no conxunto do Estado.


AUTÓNOMOS SEGUNDO SEXO. COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 30 de setembro de 2012.

A idade, non obstante, non debuxa un perfil excesivamente distinto respecto do resto dos autónomos españois. O 44% dos traballadores autónomos galegos teñen entre 40 e 54 anos, aínda que cunha importante presenza de maiores de 55 anos. Os grupos etarios máis novos sitúanse por baixo dos niveis estatais.


AUTÓNOMOS SEGUNDO GRUPOS DE IDADE COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 30 de setembro de 2012.

Máis da metade dos traballadores autónomos galegos dedícanse ao sector servizos, o 57,4% do total, constatando unha importante presenza de traballadores agrícolas e gandeiros que duplica ás porcentaxes do resto do Estado.

AUTÓNOMOS SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE. COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 30 de setembro de 2012.*



Dedícanse fundamentalmente ao sector servizos, aínda que cun peso importante da agricultura. Catro de cada cinco (80,1%) non teñen asalariados.


4. EQUIPAMENTO E USO DAS TIC NA ACTIVIDADE DOS AUTÓNOMOS



4.1. Titulación dos autónomos galegos

A maioría dos traballadores autónomos non ten titulación universitaria e o grupo maioritario está formado por autónomos con estudos primarios, representando ao 29,3% do total de traballadores.

AUTÓNOMOS SEGUNDO TITULACIÓN



Fonte: OSIMGA

AUTÓNOMOS SEGUNDO SEXO E TITULACIÓN

Formación	SEXO	
	Home	Muller
Titulación Universitaria Superior	4,6%	4,8%
Titulación Universitaria de Grao Medio	5,6%	8,2%
Ciclos formativos Grao Superior/ FP II	14,8%	11,6%
Ciclos formativos Grao Medio/FP I	9,5%	6,8%
Estudos secundarios (ESO, Bacharelato)	16,8%	28,1%
Estudos primarios	31,4%	23,3%
Sen estudos	4,6%	1,4%
Non contesta	12,7%	15,8%
Total	100%	100%

Fonte: OSIMGA

As mulleres autónomas contan con titulación universitaria ou estudos secundarios en maior medida que os varóns, aínda que eles cursaron con maior frecuencia estudos profesionais específicos.

TITULACIÓN DOS AUTÓNOMOS SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE

Formación	Autónomos SECTOR Industrial	Autónomos SECTOR Construción	Autónomos SECTOR Automoción e comercio	Autónomos SECTOR Transporte e almacenamento	Autónomos SECTOR Actividades Profesionais, científicas e técnicas	Autónomos SECTOR Actividades administrativas e servizos auxiliares	TOTAL Autónomos
Titulación Universitaria Superior	2,4%	0,0%	3,6%	3,0%	11,4%	3,6%	4,7%
Titulación Universitaria de Grao Medio	4,8%	1,9%	4,1%	0,0%	19,0%	14,3%	6,3%
Ciclos formativos Grao Superior/ FP II	11,9%	15,1%	9,1%	6,1%	29,5%	14,3%	14,0%
Ciclos formativos Grao Medio/FP I	11,9%	13,2%	8,2%	0,0%	9,5%	7,1%	8,8%
Estudios secundarios (ESO, Bacharelato)	21,4%	8,5%	25,0%	19,7%	15,2%	32,1%	19,7%
Estudios primarios	35,7%	28,3%	32,3%	54,5%	11,4%	14,3%	29,3%
Sen estudos	4,8%	1,9%	4,5%	10,6%	1,9%	0,0%	3,8%
Non contesta	7,1%	31,1%	13,2%	6,1%	1,9%	14,3%	13,5%

Fonte: OSIMGA

As titulacións universitarias predominan nos sectores de actividades profesionais científicas ou técnicas e nos sectores de actividades administrativas e de servizos auxiliares. Noutros sectores, como o de transporte e almacenamento, os autónomos posúen principalmente estudos primarios (un 54,5%).

4.2. Equipamento informático

O ordenador e a telefonía móbil para uso empresarial constitúen os equipamentos informáticos con maior presenza entre os autónomos galegos.

Case tres de cada catro autónomos galegos dispón dun ordenador e un 60,7% deles emprega o teléfono móbil para realizar a súa actividade empresarial.

EQUIPAMENTO INFORMÁTICO SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Equipamento informático	Condición xurídica		TOTAL
	Autónomos	Sociedades	Microempresas
Ordenador	73,5%	88,1%	79,9%
Sistema operativo de código libre/aberto	7,0%	8,3%	7,6%
Rede de área local (LAN)	33,7%	57,3%	44,2%
Rede de área local sen fíos	23,0%	33,5%	27,6%
	14,5%	37,8%	24,8%
Servidores para bases de datos, aplicacións ou arquivos			
Intranet corporativa	6,5%	12,4%	9,1%
Extranet	2,0%	6,0%	3,8%
Videoconferencia	5,6%	6,8%	6,2%
Telefonía móbil para uso empresarial	60,7%	77,1%	68,0%
Total	100%	100%	100%

Fonte: OSIMGA



Obsérvase unha importante fenda no equipamento informático entre os autónomos e as sociedades, 14,6 puntos en dispoñibilidade de ordenador e 16,4 puntos en telefonía móbil para uso empresarial.

Pola contra, a Extranet é o equipamento informático menos frecuente, xunto coa Videoconferencia, tecnoloxía da que só dispón un 5,6% dos autónomos. Tal circunstancia reproducíase en menor medida ao considerar tamén ás sociedades (só o 6,0% están equipadas con Extranet) e ao conxunto total de microempresas (6,2%).

EQUIPAMENTO INFORMÁTICO SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE

Equipamento informático	Autónomos SECTOR Industrial	Autónomos SECTOR Construción	Autónomos SECTOR Automoción e comercio	Autónomos SECTOR Transporte e almacenamento	Autónomos SECTOR Actividades Profesionais, científicas e técnicas	Autónomos SECTOR Actividades administrativas e servizos auxiliares	TOTAL Autónomos
Ordenador	65,1%	69,2%	69,8%	52,2%	94,2%	85,9%	73,5%
Sistema operativo de código libre/aberto	11,9%	9,4%	3,2%	0,0%	9,6%	14,3%	7,0%
Rede de área local (LAN)	23,8%	20,6%	28,5%	22,7%	62,5%	37,0%	33,7%
Rede de área local sen fíos	16,7%	17,0%	21,3%	10,8%	38,5%	21,4%	23,0%
Servidores para bases de datos, aplicacións ou arquivos	4,8%	8,3%	10,0%	10,6%	26,9%	37,0%	14,5%
Intranet corporativa	7,1%	3,7%	5,0%	3,0%	9,7%	21,4%	6,5%
Extranet	0,0%	1,9%	4,5%	0,0%	0,0%	0,0%	2,0%
Videoconferencia	7,1%	0,0%	5,0%	3,0%	9,5%	25,9%	5,6%
Telefonía móbil para uso empresarial	58,5%	78,5%	45,0%	79,1%	64,4%	59,3%	60,7%

Fonte: OSIMGA


O ordenador ten unha presenza maioritaria no sector de actividades profesionais científicas e técnicas (94,2%). A telefonía móbil para uso empresarial en cambio destaca no sector de transporte e almacenamento (79,1%) e no da construción (un 78,5%).

4.3. Solucións informáticas

A adopción de solucións informáticas para unha máis eficaz xestión da actividade vai permeando entre os autónomos galegos. Das máis empregadas, resaltan as orientadas á xestión administrativa de clientes e provedores, xunto coas de vendas e compras, solucións das que dispoñen un de cada tres autónomos.

Comparativamente coas formas societarias, a aplicación de solucións informáticas para a xestión contable é significativamente menor entre os autónomos, 36,4 puntos porcentuais por debaixo.

En todas as ferramentas informáticas de xestión, o nivel de uso entre os autónomos está moi por baixo da súa implantación nas sociedades.



Fonte: OSIMGA

4.3.1. Envío e recepción de facturas electrónicas




O envío de facturas electrónicas non é unha solución informática demasiado estendida entre os autónomos galegos. De feito, só un 7,1% envía as súas facturas deste xeito e resulta máis frecuente a recepción de facturas electrónicas (16,2% dos autónomos galegos).

Só un 7,1% dos autónomos galegos envía as súas facturas electronicamente, aínda que un 16,2% as recibe.

UTILIZACIÓN DA E-FACTURA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

e-factura	Condición xurídica		TOTAL microempresas
	Autónomos	Sociedades	
<u>Envío</u> de facturas electrónicas	7,1%	8,1%	7,5%
<u>Recepción</u> de facturas electrónicas	16,2%	21,4%	18,5%

Fonte: OSIMGA



Fonte: OSIMGA


En xeral, a proporción de facturas electrónicas recepciónadas polos autónomos é moi superior a do envío, agás no sector industrial. No sector de actividades profesionais, científicas e técnicas e no sector de actividades administrativas e servizos auxiliares atopamos as porcentaxes máis elevadas de recepción de facturas electrónicas (un 35,6% e un 25% respectivamente).

4.3.2. ERP (Enterprise Resource Planning) e CRM (Customer Relation Management)


A ferramenta ERP permite ao usuario compartir información sobre compras e vendas con outras áreas funcionais da súa organización. Pola súa banda, a ferramenta informática CRM permite xestionar información de clientes, compartindo esa información con outras áreas da empresa. Tamén posibilita analizar a información con fins comerciais ou de marketing.

Ambas ferramentas informáticas –ERP e CRM- son escasamente utilizadas polos autónomos galegos.

UTILIZACIÓN DE ERP E CRM SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA



UTILIZACIÓN DE ERP E CRM SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE



Fonte: OSIMGA

Aínda que en termos xerais o emprego de ERP e CRM é escaso, acádase a maior porcentaxe de implantación destas aplicacións no sector de actividades administrativas e servizos auxiliares (7,4% de uso tanto de CRM como de ERP).


4.4 Contratación de Internet

Dous de cada tres autónomos galegos (65,3%) dispón de conexión a Internet para a súa actividade profesional.

A dispoñibilidade de conexión a Internet entre os autónomos galegos, comparativamente coas sociedades é 21,7 puntos porcentuais menor.


CONTRATACIÓN DE INTERNET SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

TOTAL MICROEMPRESAS




Fonte: OSIMGA

AUTÓNOMOS




Fonte: OSIMGA

SOCIEDADES



Fonte: OSIMGA



Fonte: OSIMGA


Analizando o sector de actividade dos autónomos destaca a alta contratación de Internet no sector de Actividades profesionais, científicas e técnicas (un 88,5%, 23,2 puntos porcentuais por riba da media de todos os autónomos). No caso do sector de transporte e almacenamento, a contratación de Internet é do 37,9% (27,4 puntos porcentuais por baixo da media de autónomos).

4.4.1. Banda Larga

A contratación de banda larga entre os autónomos é 22,2 puntos porcentuais máis baixa que nas sociedades. A velocidade de conexión a Internet máis frecuente entre os autónomos é a que vai de 2 a 10 Mbps.

DISPONIBILIDADE DE BANDA LARGA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet




Fonte: OSIMGA


O 57,4% dos autónomos galegos dispón de banda larga para a súa conexión a Internet.

VELOCIDADE DE CONEXIÓN SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet




Fonte: OSIMGA



Fonte: OSIMGA

Case todos os sectores de actividade posúen unha media de dispoñibilidade de banda larga semellante, arredor da media (57,4%), agás o sector de actividades profesionais, científicas e técnicas que presenta un 84,3% (26,9 puntos porcentuais máis que a media) e do sector de transporte e almacenamento (26,9 puntos porcentuais de diferenza pero por baixo da media).



Fonte: OSIMGA

Nos sectores dedicados a actividades profesionais, científicas e técnicas, xunto cos de actividades administrativas e servizos auxiliares destaca a contratación de velocidades elevadas (por riba de 10 Mbps.), maior no caso dos autónomos dedicados a actividades administrativas e servizos auxiliares, onde duplica á media do conxunto de autónomos.

4.4.2. Motivos de non contratación de Internet



A falta de necesidade de Internet é o argumento ao que se acollen a maioría das microempresas que non contrataron a tecnoloxía, independentemente da súa condición xurídica.

A falta de coñecementos é o segundo factor en orde de importancia, especialmente elevado entre os autónomos.

Case a metade dos autónomos galegos que non ten Internet non o contrata porque considera que non o necesita; un de cada cinco recoñece poucos coñecementos na materia.

MOTIVOS DE NON CONTRATACIÓN DE INTERNET

Base: empresas sen conexión a Internet

Motivos da non contratación de internet	Condición xurídica		TOTAL microempresas
	Autónomos	Sociedades	
Non o necesitan	45,6%	37,7%	44,2%
Non o queren	14,7%	11,5%	14,1%
Non lles resulta útil	9,8%	11,7%	10,2%
Poucos coñecementos	21,6%	15,0%	20,1%
Outras prioridades	13,7%	6,7%	12,4%
Custes de equipos altos	9,3%	8,3%	9,3%
Custes de conexión altos	6,9%	4,9%	6,5%
Información insuficiente	2,5%	0,0%	2%
Non é posible contratalo	4,4%	1,7%	3,8%
Outros motivos	5,4%	26,7%	10,4%
Ns/Nc	15,2%	16,4%	15,7%

Fonte: OSIMGA

MOTIVOS DE NON CONTRATACIÓN DE INTERNET


Base: empresas sen conexión a Internet

Motivos da non contratación de Internet	Autónomos SECTOR Industrial	Autónomos SECTOR Construción	Autónomos SECTOR Automoción e comercio	Autónomos SECTOR Transporte e almacenamento	Autónomos SECTOR Actividades Profesionais, científicas e técnicas	Autónomos SECTOR Actividades administrativas e servizos auxiliares	TOTAL Autónomos
Non o necesitan	50,0%	34,1%	46,3%	61,0%	33,3%	50,0%	45,6%
Non o queren	18,8%	9,1%	18,3%	4,8%	33,3%	25,0%	14,7%
Non lles resulta útil	6,3%	9,1%	9,8%	16,7%	0,0%	0,0%	9,8%
Poucos coñecementos	37,5%	13,6%	30,5%	12,2%	16,7%	0,0%	21,6%
Outras prioridades	18,8%	4,5%	15,9%	7,3%	66,7%	0,0%	13,7%
Custes de equipos altos	6,3%	4,5%	14,6%	4,8%	16,7%	0,0%	9,3%
Custes de conexión altos	6,3%	0,0%	9,8%	7,3%	16,7%	0,0%	6,9%
Información insuficientes	18,8%	0,0%	2,4%	0,0%	0,0%	0,0%	2,5%
Non é posible contratalo	6,3%	15,9%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	4,4%
Outros motivos	6,3%	4,5%	4,9%	12,2%	0,0%	0,0%	5,4%
Ns / nc	6,3%	20,5%	11,0%	19,5%	16,7%	25,0%	15,2%

Fonte: OSIMGA

En todos os sectores, agás no de actividades profesionais, científicas e teóricas, teñen como motivo principal para non contratar Internet que consideran que non o necesitan. No caso deste sector, a motivación principal é que hai outras prioridades (66,7%).

4.4.3. Interacción coas administracións públicas



Fonte: OSIMGA


A Rede como ferramenta de interacción coas administracións públicas estase a converter nun recurso amplamente utilizado polas microempresas, máis frecuentemente polas constituídas como entidades societarias que polo colectivo de autónomos.

A utilización de Internet como ferramenta de interacción coas Administracións Públicas só é empregado polo 30,2% dos autónomos con conexión a Internet.

De novo, cabe salientar a fenda neste indicador entre os autónomos e as sociedades (25,8 puntos porcentuais).

INTERACCIÓN COAS AA.PP SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE

Base: empresas con conexión a Internet




Fonte: OSIMGA

O sector de transporte e almacenamento é o que ten unha maior interacción coas Administracións Públicas, cun 44% de autónomos que empregan Internet para facer algún trámite coa administración.

TIPO DE INTERACCIÓN COAS AA.PP. A TRAVÉS DE INTERNET

Base: empresas con conexión a Internet



A obtención de información e de impresos son as dúas finalidades principais de interacción dos autónomos coas Administracións Públicas a través de Internet, aínda que por baixo das porcentaxes que rexistran as sociedades.

INTERACCIÓN COA XUNTA DE GALICIA Base: empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet	Condición xurídica		TOTAL microempresas
	Autónomos	Sociedades	
Para obter información	73,8%	74,4%	74,1%
Para obter impresos e formularios	70,7%	66,8%	68,0%
Para devolver impresos cumprimentados	57,8%	58,7%	58,5%
Para xestión electrónica completa	68,3%	42,1%	50,1%
Para presentar unha proposta comercial completa	77,8%	60,0%	65,3%

Entre os autónomos que interactuaron coa Xunta de Galicia, a maioría fíxoo para obter información ou impresos e formularios e para presentar unha proposta comercial.

INTERACCIÓN COA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO Base: empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet	Condición xurídica		TOTAL microempresas
	Autónomos	Sociedades	
Para obter información	61,5%	80,5%	74,1%
Para obter impresos e formularios	67,4%	76,2%	73,4%
Para devolver impresos cumprimentados	74,6%	80,1%	78,7%
Para xestión electrónica completa	72,9%	76,4%	75,5%
Para presentar unha proposta comercial completa	77,8%	41,7%	52,3%

Os autónomos que se relacionaron a través de Internet coa Administración Xeral do Estado, fixérono principalmente para presentar unha proposta comercial e para devolver impresos cumprimentados.

INTERACCIÓN CO CONCELLO Base: empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet	Condición xurídica		TOTAL microempresas
	Autónomos	Sociedades	
Para obter información	44,7%	43,5%	44,0%
Para obter impresos e formularios	35,9%	33,2%	34,1%
Para devolver impresos cumprimentados	26,6%	26,3%	26,0%
Para xestión electrónica completa	23,3%	23,6%	23,4%
Para presentar unha proposta comercial completa	44,4%	29,2%	32,9%


Cando a relación electrónica se establece co concello descenden significativamente todos os indicadores de motivos de interacción.

4.4.4. Sinatura dixital



SINATURA DIXITAL

Base: empresas con conexión a Internet




Fonte: OSIMGA

A sinatura dixital é escasamente empregada polos autónomos galegos, 24,5 puntos porcentuais por baixo das sociedades.

UTILIZACIÓN DE SINATURA DIXITAL


Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

O emprego da sinatura dixital nas empresas de sectores relacionados coas actividades administrativas e de servizos auxiliares é moito máis elevada que a media. Pola contra, o sector de automoción e de comercio só acada un 4,3% neste indicador.

4.4.5. Páxina web



Fonte: OSIMGA


O 23,2% dos autónomos con Internet contratado dispón de páxina web cunha significativa porcentaxe que se atopa en proceso de construción. A dispoñibilidade da páxina web é 11,1 puntos porcentuais máis alta entre as formas xurídicas societarias que entre os autónomos.

O 23,2% dos autónomos con Internet contratado dispón de páxina web.



DISPONIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE


Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

Obsérvase unha importante fenda en canto á dispoñibilidade de páxina web se comparamos os sectores de actividades profesionais, científicas e técnicas e o sector industrial fronte ao sector da construción ou o de automoción e comercio.

4.4.6. Comercio electrónico




Fonte: OSIMGA

O 22,2% dos autónomos galegos empregaron Internet para a compra de bens ou servizos; o 9,9% realizaron vendas a través da Rede .

As formas societarias empregan con maior frecuencia o comercio electrónico, tanto para a venda como para a compra de produtos ou servizos a través da Rede.



COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE




O comercio electrónico ten máis implantación nos sectores de actividades profesionais científicas e técnicas xunto cos de actividades administrativas e de servizos auxiliares, mentres que as porcentaxes máis baixas rexístranse no sector da construción no caso das vendas e no do transporte e almacenamento para as compras a través da Rede.

4.4.7. Redes sociais

PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA


A presenza activa nas redes sociais, aínda que minoritaria, ten maior implantación entre os autónomos que entre as microempresas en xeral e as formas societarias en particular. A

finalidade principal coa que se argumenta esta presenza é a captación de novos clientes –tres de cada catro autónomos que usan as redes sociais indican que este é o motivo principal que lle conduce a estar nas redes.

A presenza activa nas redes sociais é maior entre os autónomos que no conxunto das microempresas.

PRESENZA ACTIVA NAS REDE SOCIAIS SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE

Base: empresas con conexión a Internet




Fonte: OSIMGA

Tendo en conta o sector de actividade, as empresas de actividades administrativas e servizos auxiliares son as máis presentes nas redes sociais.

4.4.7. Formación en TIC

FORMACIÓN EN TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA




Fonte: OSIMGA

O 5,4% dos autónomos galegos proporcionou formación específica en TIC aos seus traballadores. Entre as sociedades a porcentaxe de empresas que facilitou formación TIC duplica aos autónomos, acadando un 10,9% do total.



FORMACIÓN EN TIC SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE



Fonte: OSIMGA

Os dous sectores que máis apostaron pola formación TIC dos seus traballadores/as foron claramente os de actividades profesionais, científicas e técnicas e o de actividades administrativas e servizos auxiliares.

5. ANÁLISE SETORIAL



5.1. Sector industrial

Esta sección aborda a análise dos resultados da enquisa sobre a Sociedade da Información entre os autónomos galegos dedicados a actividades industriais, agrupando as seguintes actividades CNAE 09:

CNAE 10-18:

Alimentación, bebidas, tabaco, textil, pezas de vestir, coiro e calzado, madeira e cortiza, papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados

CNAE 19-23

Coquería e refino de petróleo, produtos farmacéuticos, caucho e plásticos, produtos minerais non metálicos

CNAE 24-25

Metalurxia fabricación de produtos metálicos

CNAE 26-33

Produtos informáticos, electrónicos e ópticos, material e equipo eléctrico, maquinaria e equipo, vehículos a motor, material de transporte, mobles e outras industrias manufactureiras, reparación de maquinaria e equipo

CNAE 35-39

Enerxía e agua

En Galicia, existen 14.580 autónomos dedicados á actividade industrial.



Fonte: IGE a partir de Información subministrada polo *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*. Afiliados á Seguridade Social no réxime de autónomos a 30 de setembro de 2012.

En termos agrupados, os autónomos dedicados a actividades industriais presentan, en xeral, unha menor dispoñibilidade de equipamento informático que o conxunto dos autónomos galegos. O ordenador é o dispositivo máis frecuente (65,1%) aínda que 8,4 puntos por baixo da media dos autónomos.

EQUIPAMENTO INFORMÁTICO


Equipamento informático	Autónomos SECTOR INDUSTRIAL	TOTAL Autónomos
Ordenador	65,1%	73,5%
Sistema operativo de código libre/aberto	11,9%	7,0%
Rede de área local (LAN)	23,8%	33,7%
Rede de área local sen fíos	16,7%	23,0%
Servidores para bases de datos, aplicacións ou arquivos	4,8%	14,5%
Intranet corporativa	7,1%	6,5%
Extranet	0,0%	2,0%
Videoconferencia	7,1%	5,6%
Telefonía móbil para uso empresarial	58,5%	60,7%

Fonte: OSIMGA

Os autónomos dedicados á actividade industrial dispoñen de menos equipamento informático que os autónomos en xeral.



Pese a esa menor dispoñibilidade xeral de equipamento informático, os autónomos do sector industrial aplican en maior medida que o conxunto de autónomos solucións informáticas para o seu negocio. Agás a xestión de clientes e provedores, todas as restantes aplicacións amosan unha maior presenza entre os autónomos industriais.



Fonte: OSIMGA

ENVÍO E RECEPCIÓN DE FACTURAS ELECTRÓNICAS

e-factura	Autónomos Sector Industrial	TOTAL autónomos
<u>Envío</u> de facturas electrónicas	11,9%	7,1%
<u>Recepción</u> de facturas electrónicas	7,1%	16,2%


Fonte: OSIMGA

Mentres que no envío de facturas electrónicas, o sector industrial está por riba da media da media dos autónomos, a recepción da e-factura sitúase por baixo da media.



CONTRATACIÓN DE INTERNET


Autónomos Sector Industrial



Fonte: OSIMGA

A contratación de Internet resulta lixeiramente inferior á media entre os autónomos do sector industrial


TOTAL AUTÓNOMOS



Fonte: OSIMGA

VELOCIDADE DE CONEXIÓN


Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

BANDA LARGA

Base: Autónomos con Internet contratado



Fonte: OSIMGA

Entre os autónomos do sector industrial que dispoñen de conexión á Rede, a metade dispón dunha conexión de banda larga, se ben unha alta porcentaxe deles non sabe indicar a súa velocidade.

MOTIVOS DA NON CONTRATACIÓN DE INTERNET

Base: autónomos SEN conexión a Internet

Motivos de non contratación de Internet	Autónomos Sector Industrial	TOTAL Autónomos
Non o necesitan	50,0%	45,6%
Non o queren	18,8%	14,7%
Non lles resulta útil	6,3%	9,8%
Poucos coñecementos	37,5%	21,6%
Outras prioridades	18,8%	13,7%
Custes de equipos altos	6,3%	9,3%
Custes de conexión altos	6,3%	6,9%
Información insuficiente	18,8%	2,5%
Non é posible contratalo	6,3%	4,4%
Outros motivos	6,3%	5,4%
Ns/Nc	6,3%	15,2%


Fonte: OSIMGA

O argumento principal dos autónomos industriais para non contratar Internet é á falta de necesidade, en liña coa opinión do conxunto de autónomos galegos. Salientar igualmente a maior incidencia entre este colectivo da falta de coñecementos.




TIPO DE INTERACCIÓN COAS AA.PP. A TRAVÉS DE INTERNET

Base: Autónomos con conexión a Internet



INTERACCIÓN COAS AA.PP.

Base: Autónomos con conexión a Internet




Fonte: OSIMGA

Os autónomos do sector industrial interrelaciónanse coas administracións públicas a traves da Rede nun 19,2% dos casos, presentando porcentaxes máis baixas que os autónomos en practicamente todas as finalidades de interacción coas Administracións Públicas .

SINATURA DIXITAL


Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

Un 15,4% dos autónomos do sector industrial que dispón de Internet utiliza a sinatura dixital, un punto por riba do conxunto de autónomos galegos, pero empregan en menor medida o comercio electrónico.


COMERCIO ELECTRÓNICO



Fonte: OSIMGA

DISPONIBILIDADE DE PÁXINA WEB


Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA


PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS

Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

Respecto ao total de autónomos galegos, os que traballan no sector industrial teñen unha maior dispoñibilidade de páxina web e presenza nas redes sociais.



Fonte: OSIMGA



5.2. Sector da construción

No capítulo da análise sectorial no ámbito da construción, deterémonos naqueles autónomos que se dedican ás actividades CNAE09 41-43.

CNAE 41: Construción de edificios

CNAE 42: Enxeñaría civil

CNAE 43: Actividades de construción especializada

Fonte: IGE a partir de Información subministrada polo *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*. Afiliados á Seguridade Social no réxime de autónomos a 30 de setembro de 2012.

**28.508 empresarios autónomos galegos
dedícanse ao sector da construción**



Os autónomos da construción dispoñen de menor equipamento informático que o conxunto dos autónomos galegos, coas únicas excepcións da telefonía móbil para uso empresarial e unha lixeira maior dispoñibilidade de Sistema Operativo de código aberto.




EQUIPAMENTO INFORMÁTICO

Equipamento informático	Autónomos SECTOR CONSTRUCCIÓN	TOTAL Autónomos
Ordenador	69,2%	73,5%
Sistema operativo de código libre/aberto	9,4%	7,0%
Rede de área local (LAN)	20,6%	33,7%
Rede de área local sen fíos	17,0%	23,0%
Servidores para bases de datos, aplicacións ou arquivos	8,3%	14,5%
Intranet corporativa	3,7%	6,5%
Extranet	1,9%	2,0%
Videoconferencia	0,0%	5,6%
Telefonía móbil para uso empresarial	78,5%	60,7%

Fonte: OSIMGA

O teléfono móbil para uso empresarial é o equipamento informático máis frecuente entre os autónomos dedicados á construción.

SOLUCIÓNS INFORMÁTICAS



Fonte: OSIMGA


e-factura	Autónomos Construción	TOTAL autónomos
<u>Envío</u> de facturas electrónicas	2,8%	7,1%
<u>Recepción</u> de facturas electrónicas	8,5%	16,2%

As solucións informáticas son menos empregadas entre os autónomos da construción que entre o conxunto de autónomos de Galicia. As diferenzas son especialmente significativas na xestión de produción e loxística.

Ademais, obsérvase un importante retraso na implantación da factura electrónica no sector da construción.


CONTRATACIÓN DE INTERNET

Autónomos Sector Construción



Fonte: OSIMGA

TOTAL AUTÓNOMOS




Fonte: OSIMGA

A contratación de Internet entre os autónomos da construción é 6,4 puntos inferior ao conxunto dos autónomos galegos.



VELOCIDADE DE CONEXIÓN


Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

BANDA LARGA

Base: Autónomos con Internet contratado



Fonte: OSIMGA

Máis da metade dos autónomos do sector da construción con conexión a Internet ten unha velocidade contratada de entre 2 e 10 Mbps.

MOTIVOS DE NON DISPONIBILIDADE DE INTERNET

Base: Autónomos sen Internet contratado

Motivos de non contratación de Internet	Autónomos Sector Construción	TOTAL Autónomos
Non o necesitan	34,1%	45,6%
Non o queren	9,1%	14,7%
Non lles resulta útil	9,1%	9,8%
Poucos coñecementos	13,6%	21,6%
Outras prioridades	4,5%	13,7%
Custes de equipos altos	4,5%	9,3%
Custes de conexión altos	0,0%	6,9%
Información insuficiente	0,0%	2,5%
Non é posible contratalo	15,9%	4,4%
Outros motivos	4,5%	5,4%
Ns/Nc	20,5%	15,2%


Fonte: OSIMGA

O argumento principal dos autónomos deste sector para non contratar Internet é que non o necesitan. Non obstante, a frecuencia dos que non dispoñen de Internet porque non é posible contratalo no lugar onde exercen a súa actividade resulta superior á media.



INTERACCIÓN COAS AA.PP. A TRAVÉS DE INTERNET


Base: Autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

TIPO DE INTERACCIÓN COAS AA.PP. A TRAVÉS DE INTERNET


Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

O 37,5% dos autónomos do sector da construción interactúa coas Administracións Públicas a través de Internet, nunha porcentaxe superior en algo máis de sete puntos á media dos autónomos galegos. O motivo principal é a obtención de información.

COMERCIO ELECTRÓNICO




Fonte: OSIMGA

Os autónomos do sector da construción empregan Internet como ferramenta de compras e vendas de xeito sensiblemente inferior á media.



SINATURA DIXITAL


Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB

Base: autónomos con conexión a Internet




Fonte: OSIMGA

A dispoñibilidade de páxina web é moi escasa entre os autónomos da construción e a súa presenza nas redes sociais resulta testemuñal.


PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS

Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

Proporcionar formación en tecnoloxías da información resulta aínda menos frecuente entre os autónomos da construción.



Fonte: OSIMGA



5.3. Sector da Automoción e Comercio

Dedicaremos esta sección aos autónomos galegos que teñen como actividade os sectores da Automoción e o Comercio, correspondente coas CNAE 45 a 47 da clasificación 2009.

CNAE 45: Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas

CNAE 46: Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas

CNAE 47: Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas

Fonte: IGE a partir de Información subministrada polo *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*. Afiliados á Seguridade Social no réxime de autónomos a 30 de setembro de 2012.

Son 52.612 os empresarios autónomos galegos que se inscriben no sector da Automoción e o comercio.




EQUIPAMENTO INFORMÁTICO

Equipamento informático	Autónomos SECTOR AUTOMOCIÓN E COMERCIO	TOTAL Autónomos
Ordenador	69,8%	73,5%
Sistema operativo de código libre/aberto	3,2%	7,0%
Rede de área local (LAN)	28,5%	33,7%
Rede de área local sen fíos	21,3%	23,0%
Servidores para bases de datos, aplicacións ou arquivos	10,0%	14,5%
Intranet corporativa	5,0%	6,5%
Extranet	4,5%	2,0%
Videoconferencia	5,0%	5,6%
Telefonía móbil para uso empresarial	45,0%	60,7%

Fonte: OSIMGA

O 69,8% dos autónomos do comercio e da automoción dispón de ordenador, lixeiramente por baixo da media do conxunto dos autónomos galegos.

SOLUCIÓNS INFORMÁTICAS



Fonte: OSIMGA

A xestión administrativa de vendas e compras, xunto coa xestión loxística son as solucións informáticas que destacan por riba da media do conxunto dos autónomos.

e-factura	Autónomos Sector Automoción e Comercio	TOTAL autónomos
Envío de facturas electrónicas	2,3%	7,1%
Recepción de facturas electrónicas	11,3%	16,2%


Fonte: OSIMGA

O envío e recepción de facturas electrónicas é menos frecuente entre os autónomos do sector da automoción e o comercio, comparativamente co conxunto dos autónomos galegos




CONTRATACIÓN DE INTERNET

Autónomos Sector Automoción e Comercio




Fonte: OSIMGA




BANDA LARGA

Base: Autónomos con Internet contratado



TOTAL AUTÓNOMOS




Fonte: OSIMGA

O 62,9% dos autónomos deste sector dispón de conexión a Internet, a maioría deles –54,4%– a través de banda larga, cifras lixeiramente por baixo da media.

VELOCIDADE DE CONEXIÓN

Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

Máis da metade dos autónomos con conexión á Rede do sector da Automoción e Comercio teñen velocidade contratada entre 2 e 10 Mbps.

MOTIVOS DE NON DISPONIBILIDADE DE INTERNET

Base: Autónomos sen Internet contratado


Motivos de non contratación de Internet	Autónomos Sector Automoción e Comercio	TOTAL Autónomos
Non o necesitan	46,3%	45,6%
Non o queren	18,3%	14,7%
Non lles resulta útil	9,8%	9,8%
Poucos coñecementos	30,5%	21,6%
Outras prioridades	15,9%	13,7%
Custes de equipos altos	14,6%	9,3%
Custes de conexión altos	9,8%	6,9%
Información insuficiente	2,4%	2,5%
Non é posible contratalo	0,0%	4,4%
Outros motivos	4,9%	5,4%
Ns/Nc	11,0%	15,2%

Fonte: OSIMGA

A falta de necesidade da conexión é o motivo principal para non dispoñer de Internet para case a metade dos autónomos do sector automoción e comercio, aínda que cabe salientar a maior incidencia entre eles de xustificacións como os poucos coñecementos ou os custes de conexión.

INTERACCIÓN COAS AA.PP. A TRAVÉS DE INTERNET


Base: Autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

TIPO DE INTERACCIÓN COAS AA.PP. A TRAVÉS DE INTERNET

Base: autónomos con conexión a Internet




Fonte: OSIMGA



Entre os autónomos do sector automoción e comercio resulta pouco frecuente a interacción coas AAPP a través de Internet.

DISPONIBILIDADE DE PÁXINA WEB

Base: autónomos con conexión a Internet




Fonte: OSIMGA



A dispoñibilidade de páxina web entre os autónomos do sector é inferior á media, mentres que a porcentaxe dos que compran por Internet é moi similar ao conxunto dos autónomos galegos. As vendas son lixeiramente inferiores.


COMERCIO ELECTRÓNICO



Fonte: OSIMGA

SINATURA DIXITAL

Base: autónomos con conexión a Internet




Fonte: OSIMGA

Pola contra, a presenza nas redes sociais entre os autónomos deste sector con conexión a Internet é semellante aos valores agrupados dos autónomos galegos.


A sinatura dixital foi utilizada polo 4,3% dos autónomos do sector do automoción e o comercio, valor inferior en dez puntos porcentuais ao conxunto dos autónomos galegos.

PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS

Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA



Fonte: OSIMGA

O 2,7% dos empresarios autónomos do sector automoción e comercio facilitaron formación TIC aos seus traballadores/as.



5.4. Sector Transporte e almacenamento

Centrarémonos neste apartado na análise do sector do transporte e almacenamento, considerando as actividades CNAE09 dos grupos 49 a 53.

Son 11.340 os autónomos galegos dedicados ao transporte e almacenamento

CNAE 49: Transporte terrestre e por tubaxe

CNAE 50: Transporte marítimo e por vías navegables interiores

CNAE 51: Transporte aéreo

CNAE 52: Almacenamento e actividades anexas ao transporte

CNAE 53: Actividades postais e de correos

Fonte: IGE a partir de Información subministrada polo *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*. Afiliados á Seguridade Social no réxime de autónomos a 30 de setembro de 2012.


O teléfono móbil para uso empresarial é o equipamento máis frecuente entre os empresarios autónomos deste sector

EQUIPAMENTO INFORMÁTICO

	Autónomos SECTOR TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	TOTAL Autónomos
Equipamento informático		
Ordenador	52,2%	73,5%
Sistema operativo de código libre/aberto	0,0%	7,0%
Rede de área local (LAN)	22,7%	33,7%
Rede de área local sen fíos	10,8%	23,0%
Servidores para bases de datos, aplicacións ou arquivos	10,6%	14,5%
Intranet corporativa	3,0%	6,5%
Extranet	0,0%	2,0%
Videoconferencia	3,0%	5,6%
Telefonía móbil para uso empresarial	79,1%	60,7%

O resto de equipamento informático sitúase moi por baixo da media dos autónomos, sendo especialmente significativo os máis de 20 puntos de diferenza que se rexistran na dispoñibilidade de ordenador.

SOLUCIÓNS INFORMÁTICAS



■ Autónomos Sector Transporte e Almacenamento

■ TOTAL Autónomos

Fonte: OSIMGA


e-factura	Autónomos Sector Transporte e Almacenamento	TOTAL autónomos
<u>Envío</u> de facturas electrónicas	10,6%	7,1%
<u>Recepción</u> de facturas electrónicas	13,6%	16,2%

Todas as solucións informáticas sitúanse por baixo da media dos autónomos




CONTRATACIÓN DE INTERNET

Autónomos Sector Transporte e Almacenamento



TOTAL AUTÓNOMOS





Fonte: OSIMGA

Case o 38% dos autónomos do sector do transporte e almacenamento dispón de Internet contratado, o 30,5% deles mediante conexión de banda larga. Ambos os dous indicadores son moi inferiores á media do conxunto de autónomos (27 puntos por baixo da media).



VELOCIDADE DE CONEXIÓN


Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

BANDA LARGA

Base: Autónomos con Internet contratado



Fonte: OSIMGA

MOTIVOS DE NON DISPONIBILIDADE DE INTERNET
Base: Autónomos sen Internet contratado

Motivos de non contratación de Internet	Autónomos Sector Transporte e Almacenamento	TOTAL Autónomos
Non o necesitan	61,0%	45,6%
Non o queren	4,8%	14,7%
Non lles resulta útil	16,7%	9,8%
Poucos coñecementos	12,2%	21,6%
Outras prioridades	7,3%	13,7%
Custes de equipos altos	4,8%	9,3%
Custes de conexión altos	7,3%	6,9%
Información insuficiente	0,0%	2,5%
Non é posible contratalo	0,0%	4,4%
Outros motivos	12,2%	5,4%
Ns/Nc	19,5%	15,2%


Fonte: OSIMGA



A falta de necesidade, xunto coa falta de utilidade, son os motivos fundamentais polo que os autónomos do sector Transporte e almacenamento non dispoñen de Internet contratado.

INTERACCIÓN COAS AA.PP. A TRAVÉS DE INTERNET

Base: Autónomos con conexión a Internet




Fonte: OSIMGA

Un 44% dos autónomos deste sector interacciona coas Administracións Públicas a través de Internet.


O grao de interacción coas Administracións Públicas a través de Internet entre os autónomos do sector do transporte e almacenamento con conexión a Internet é elevado. O motivo máis frecuente é a obtención de impresos e formularios.

TIPO DE INTERACCIÓN COAS AA.PP. A TRAVÉS DE INTERNET


Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA



Fonte: OSIMGA




Fonte: OSIMGA

Constátase unha maior dispoñibilidade de páxina web pero un menor uso do comercio electrónico que a media dos autónomos.

PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS


Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA



FORMACIÓN EN TIC



Fonte: OSIMGA

Do mesmo xeito que observabamos respecto ao menor uso do comercio electrónico, a presenza dos autónomos do sector Transporte e almacenamento nas redes sociais resulta a metade da media do conxunto dos autónomos.

Só un 3% dos empresarios autónomos do sector proporcionaron formación en TIC aos seus traballadores/as.

5.5. Sector Actividades profesionais, científicas e técnicas

O sector dedicado ás actividades profesionais, científicas e técnicas comprende os grupos de CNAE 69 a 74.

CNAE 69: Actividades xurídicas e de contabilidade

CNAE 70: Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial

CNAE 71: Servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas

CNAE 72: Investigación e desenvolvemento

CNAE 73: Publicidade e estudos de mercado

CNAE 74: Outras actividades profesionais, científicas técnicas

Fonte: IGE a partir de Información subministrada polo *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*. Afiliados á Seguridade Social no réxime de autónomos a 30 de setembro de 2012.

10.883 autónomos exercen a súa
actividade neste sector.



EQUIPAMENTO INFORMÁTICO


Equipamento informático	Autónomos SECTOR Actividades Profesionais, científicas e técnicas	TOTAL Autónomos
Ordenador	94,2%	73,5%
Sistema operativo de código libre/aberto	9,6%	7,0%
Rede de área local (LAN)	62,5%	33,7%
Rede de área local sen fíos	38,5%	23,0%
Servidores para bases de datos, aplicacións ou arquivos	26,9%	14,5%
Intranet corporativa	9,7%	6,5%
Extranet	0,0%	2,0%
Videoconferencia	9,5%	5,6%
Telefonía móbil para uso empresarial	64,4%	60,7%

O equipamento informático do que dispoñen os autónomos que traballan neste sector resulta moi superior á media.

A presenza do ordenador entre os empresarios autónomos dedicados a actividades profesionais, científicas e técnicas achégase ao 94,2%, vinte puntos por riba da media xeral. Esta maior dotación informática reproducése no caso de Rede LAN, onde case duplica á media do conxunto de autónomos galegos.



SOLUCIÓNS INFORMÁTICAS



Fonte: OSIMGA


En liña co maior equipamento informático, a utilización de solucións informáticas tamén presenta valores máis altos entre os autónomos dedicados a actividades profesionais, científicas e técnicas. Resaltar a maior presenza de ferramentas de xestión de clientes e provedores.

O envío e recepción de facturas electrónicas tamén resulta un indicador moi superior á media entre os autónomos do sector, case duplicando os valores do conxunto.

e-factura	Autónomos Sector Actividades profesionais, científicas e técnicas	TOTAL autónomos
<u>Envío</u> de facturas electrónicas	15,2%	7,1%
<u>Recepción</u> de facturas electrónicas	35,6%	16,2%


CONTRATACIÓN DE INTERNET

Autónomos Sector Actividades profesionais, científicas e técnicas



Fonte: OSIMGA


TOTAL AUTÓNOMOS



O 88,5% dos autónomos dedicados a actividades profesionais, científicas e técnicas dispón de Internet contratado, superando á media en 23 puntos porcentuais.

VELOCIDADE DE CONEXIÓN


Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

BANDA LARGA

Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

A maior dispoñibilidade de Internet contratado vai parella á velocidade contratada. O 84,3% dispón de banda larga, sendo especialmente frecuente a contratación de velocidades superiores a 10 Mbps.

MOTIVOS DE NON DISPONIBILIDADE DE INTERNET

Base: Autónomos sen Internet contratado

Motivos de non contratación de Internet	Autónomos Sector Actividades profesionais, científicas e técnicas	TOTAL Autónomos
Non o necesitan	33,3%	45,6%
Non o queren	33,3%	14,7%
Non lles resulta útil	0,0%	9,8%
Poucos coñecementos	16,7%	21,6%
Outras prioridades	66,7%	13,7%
Custes de equipos altos	16,7%	9,3%
Custes de conexión altos	16,7%	6,9%
Información insuficiente	0,0%	2,5%
Non é posible contratalo	0,0%	4,4%
Outros motivos	0,0%	5,4%
Ns/Nc	16,7%	15,2%


Fonte: OSIMGA

Os poucos autónomos do sector que non dispoñen de Internet contratado, aluden á súa orde de prioridades para xustificar a non dispoñibilidade de acceso á Rede.



INTERACCIÓN COAS AA.PP. A TRAVÉS DE INTERNET

Base: Autónomos con conexión a Internet




Fonte: OSIMGA

A interacción electrónica coas Administracións Públicas resulta igualmente máis prevalente entre os autónomos dedicados a actividades profesionais, científicas e técnicas, independentemente do tipo de xestión realizada, coa excepción da presentación dunha proposta comercial completa.

TIPO DE INTERACCIÓN COAS AA.PP. A TRAVÉS DE INTERNET


Base: autónomos con conexión a Internet



A interacción coas Administracións Públicas a través de Internet neste sector supera en 6,4 puntos porcentuais á media do conxunto dos autónomos.




O uso da sinatura dixital neste sector case duplica a media dos autónomos.




Fonte: OSIMGA

O 37% dos autónomos do sector con conexión a Internet dispón de páxina web, 13,8 puntos máis que a media dos autónomos.



Fonte: OSIMGA

COMERCIO ELECTRÓNICO




Fonte: OSIMGA


Na liña do analizado para o sector máis tecnoloxizado entre os autónomos galegos, o seu grao de vendas por Internet duplica os valores do conxunto dos empresarios autónomos galegos. Tamén están máis presentes nas redes sociais e proporcionaron formación en TIC aos seus traballadores o dobre que a media.

PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS

Base: autónomos con conexión a Internet



FORMACIÓN EN TIC



Fonte: OSIMGA

5.6. Sector Actividades administrativas e servizos auxiliares

Dedícanse a esta actividade os autónomos que se inscriben nos grupos da CNAE 77 a 82.

CNAE 77: Actividades de aluguer

CNAE 78: Actividades relacionadas co emprego

CNAE 79: Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes

CNAE 80: Actividades de seguranza e investigación

CNAE 81: Servizos a edificios e actividades de xardinaría

CNAE 82: Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas

Fonte: IGE a partir de Información subministrada polo *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*. Afiliados á Seguridade Social no réxime de autónomos a 30 de setembro de 2012.

Un total de 5.236 empresarios autónomos traballan neste sector en Galicia.



Atopámonos ante un sector cun amplo equipamento informático, especialmente ordenadores, pero tamén servidores ou Redes locais e Sistemas operativos de código aberto.

O 85,9% dos autónomos do sector dispón de ordenador e o 37% de Rede LAN.

EQUIPAMENTO INFORMÁTICO

Equipamento informático	Autónomos SECTOR Actividades administrativas e servizos auxiliares	TOTAL Autónomos
Ordenador	85,9%	73,5%
Sistema operativo de código libre/aberto	14,3%	7,0%
Rede de área local (LAN)	37,0%	33,7%
Rede de área local sen fíos	21,4%	23,0%
Servidores para bases de datos, aplicacións ou arquivos	37,0%	14,5%
Intranet corporativa	21,4%	6,5%
Extranet	0,0%	2,0%
Videoconferencia	25,9%	5,6%
Telefonía móbil para uso empresarial	59,3%	60,7%

Fonte: OSIMGA

SOLUCIÓNS INFORMÁTICAS



Fonte: OSIMGA



e-factura	Autónomos Sector Actividades administrativas e servizos auxiliares	TOTAL autónomos
<u>Envío</u> de facturas electrónicas	11,1%	7,1%
<u>Recepción</u> de facturas electrónicas	25,0%	16,2%


Fonte: OSIMGA




O uso da e-factura, especialmente para a recepción electrónica, resulta especialmente frecuente no sector analizado, acadando xa ao 25% dos autónomos dedicados a actividades administrativas e servizos auxiliares.

CONTRATACIÓN DE INTERNET

Autónomos Sector Actividades administrativas e servizos auxiliares




TOTAL AUTÓNOMOS



BANDA LARGA

Base: Autónomos con Internet contratado




Fonte: OSIMGA

Tres de cada catro dos autónomos do sector conta con Internet contratado.

VELOCIDADE DE CONEXIÓN

Base: autónomos con conexión a Internet




Fonte: OSIMGA

O 60% dos autónomos dedicados ás actividades administrativas e servizos auxiliares disponen dunha velocidade de conexión a Internet contratada superior a 10 Mbps.



INTERACCIÓN COAS AA.PP. A TRAVÉS DE INTERNET


Base: Autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGGA

TIPO DE INTERACCIÓN COAS AA.PP. A TRAVÉS DE INTERNET

Base: autónomos con conexión a Internet




Fonte: OSIMGGA

Un 35% dos autónomos do sector das actividades administrativas e servizos auxiliares interactúa cós Administracións Públicas a través de Internet, case 5 puntos por riba da media dos autónomos.

SINATURA DIXITAL

Base: autónomos con conexión a Internet




Fonte: OSIMGA

O uso da sinatura dixital ten nunha alta implantación entre os autónomos deste sector, máis do dobre que a media do conxunto dos autónomos.


DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB

Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA


COMERCIO ELECTRÓNICO



Fonte: OSIMGA


PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS

Base: autónomos con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

Este sector sitúase como un dos que maior uso realiza do comercio electrónico e o primeiro en presenza nas redes sociais.



Fonte: OSIMGA

A formación en TIC neste sector acada valores que duplican a media dos autónomos e o sitúan como un dos sectores con maior actividade formativa en tecnoloxías.



6. CONCLUSIONES



- ☞ O traballador autónomo galego responde a un perfil masculino cunha idade entre 40 e 54 anos. Dedícanse fundamentalmente ao sector servizos (57,4%), aínda que cun peso importante da agricultura (27%). Un 80,1% non ten asalariados. A presenza de mulleres entre o colectivo (43,5%) supera en dez puntos porcentuais á proporción de autónomas do conxunto do Estado (33,4%).
- ☞ A incorporación das TIC entre os autónomos está lonxe de acadar un estado óptimo, como proba o feito de que tanto a dispoñibilidade como a utilización de equipamento tecnolóxico é sensiblemente menor entre o colectivo de empresarios autónomos que entre as empresas galegas que se constitúen como sociedades.
- ☞ O ordenador e a telefonía móbil para uso empresarial constitúen os equipamentos informáticos con maior presenza entre os autónomos pero cunha significativa fenda con respecto ás sociedades que acada os 14,6 puntos de diferenza en dispoñibilidade de ordenador e 16,4 puntos en telefonía móbil.
- ☞ A contratación de Internet permite superar barreiras temporais e espaciais, poñendo en contacto máis axilmente aos autónomos con clientes e provedores pero tamén facilitando o uso de determinadas aplicacións que redundan na mellora da xestión e en menores custes. Non obstante, só o 65,3% ten conexión a Internet para a súa actividade profesional e o 57,4% conta con banda larga, existindo máis de 20 puntos de diferenza con respecto ás sociedades.

- ☞ Case a metade dos autónomos galegos que non teñen Internet non o contrata porque non perciben os beneficios que lles pode aportar e un de cada cinco recoñece que ten poucos coñecementos na materia.
- ☞ Os autónomos deberán incorporar as TIC aos seus procesos de negocio e, un dos primeiros pasos, é aumentar a súa visibilidade no mercado e dar a coñecer a súa oferta de produtos e servizos a través do seu sitio web e das novas oportunidades que ofrecen as redes sociais. Con respecto á súa presenza en Internet, só o 23,2% dos autónomos con Internet dispón de páxina web, 11,1 puntos por baixo das sociedades aínda que as redes sociais estanse a converter no principal escaparate dos produtos e servizos dos autónomos xa que o 16,1% dos autónomos con conexión a Internet ten unha presenza activa nas redes sociais, superando incluso á media do conxunto das microempresas (12,9%)
- ☞ As TIC tamén deben estar presentes nos procesos de xestión e administración interna da empresa (factura electrónica, banca electrónica, sinatura dixital,...). Das solucións informáticas máis empregadas entre os autónomos destaca a xestión administrativa de clientes e provedores, xunto coas de vendas e compras (con porcentaxes arredor do 32% que empregan estas aplicacións).
- ☞ Só un 7,1% dos autónomos galegos envía as súas facturas electronicamente, mentres que o 16,2% as recibe. A sinatura dixital é escasamente empregada polos autónomos galegos (14,3% entre os autónomos con conexión a Internet fronte ao 38,8% das sociedades).

- ☞ Unha maior automatización dos seus procesos de xestión e produción e unha maior presenza en Internet serían dous factores que incidirían tamén positivamente na comercialización dos produtos e servizos dos autónomos a través do comercio electrónico.
- ☞ Outro dos principais beneficios de utilizar Internet é a posibilidade de interactuar coas Administracións Públicas, co conseguinte aforro de tempo e facilidades para a xestión e tramitación. A utilización de Internet como ferramenta de interacción coas Administracións Públicas é empregada polo 30,2% dos autónomos con conexión á Rede. De novo, cabe salientar a fenda neste indicador con respecto ás sociedades, 25,8 puntos porcentuais por baixo.
- ☞ Incorporar o comercio electrónico á estratexia empresarial é unha das claves para lograr unha maior competitividade e, é o futuro ao que as empresas galegas, e en particular, os autónomos non poden renunciar. O 22,2% dos autónomos galegos empregaron Internet para a compra de bens ou servizos mentres que o 9,9% realizaron vendas a través da Rede. Os datos indican que dispoñen dunha ampla marxe de mellora para incrementar as súas vendas a través de Internet, o que redundaría na expansión xeográfica do seu mercado e na captación de novos clientes.
- ☞ Na análise por sectores de actividade dos autónomos, cabe destacar tanto unha maior dispoñibilidade de ferramentas TIC como un maior uso entre os autónomos do sector das actividades profesionais, científicas e

técnicas e actividades administrativas. Os autónomos que presenta un menor nivel de tecnificación son os de Transporte e Almacenamento e Construción.

- ☞ En liñas xerais, os autónomos galegos atópanse nun nivel básico de implantación das tecnoloxías. Para incrementar a súa competitividade, recoméndase investir unha maior cantidade de recursos en TIC. O futuro encamiñase na dirección de modelos de negocio en liña que evolucionan constantemente para satisfacer a inmediatez e a personalización da demanda actual. Isto unido á clara tendencia dun consumo cada vez máis dixital sitúa ao sector dos autónomos ante un reto dunha enorme envergadura, pero tamén ante un amplo abano de oportunidades.



Colabora:

